



ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE DE XANEIRO DE 2016, CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Presidente:	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Concelleiros/as	D. MANUEL COSTA CARNEIRO
	D ^a . MARGARITA DEVESA CARDELLE
	D. ROGELIO LEMA MOUGÁN
	D ^a . MARÍA JESÚS PIÑEIRO CALDELAS
	D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ
	D. JUAN MANUEL CERNADAS MÉNDEZ
	D. RAMÓN MANUEL LAGO LESTÓN
	D ^a . MARÍA DEL PILAR PEREIRO REY
	D ^a : BEATRIZ AMENAL JUNQUERA
	D. EUGENIO BARREIRO GÓMEZ
	D. JOSÉ ANTONIO POSE RODRÍGUEZ
	D. ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos do día vinte de xaneiro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA o PLENO DO CONCELLO, figurando os membros do mesmo ao comezo desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (14/12/2015 e 28/12/2015).

Dáse conta da acta da sesión extraordinaria celebrada o día catorce de decembro do ano pasado, que se aproba por unanimidade dos asistentes.

Dáse conta así mesmo da acta da sesión ordinaria celebrada o pasado vinte e oito de decembro, que logo de facer a corrección que de seguido se indica, é aprobada por unanimidade dos asistentes:

“No punto 3º correspondente á aprobación do orzamento municipal para o exercicio 2016, na intervención do Sr. Castro do BNG-AA, respecto dos ingresos, onde di “e paradoxalmente, da Xunta de Galicia, gobernada polo PP, o concello recibirá para o ano 2016 a achega máis baixa nos últimos tres anos, que representa case un 3% menos con respecto ao 2014...”, debe dicir “e paradoxalmente, da Xunta de Galicia, gobernada polo PP, o concello recibirá para o ano 2016 a achega máis baixa nos últimos tres anos, que representa case un 30% menos con respecto ao 2014...”

2º.- Aprobación, se procede, de recoñecemento extraxudicial de créditos nº 1/2016.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



Dáse conta do informe adoptado pola Comisión Informativa de Economía e Especial de Contas do día 18 de xaneiro, que di o seguinte:

Dáse conta da necesidade de recoñecer crédito extraxudicial para facturas correspondentes ao exercicio 2015 para as que non existía crédito orzamentario. De acordo co establecido no artigo 60.2 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo I do Título sexto da Lei 39/1998, do 28 de decembro, reguladora das facendas locais, en materia de orzamentos (BOE núm. 101/90, do 27 de abril), proponse :

- 1º.- Aprobar o recoñecemento de créditos por importe de vinte e dous mil seiscientos setenta e seis euros con cincuenta céntimos (#22.676,50#) correspondentes ao exercicio 2015 que se relacionan no Anexo I.
- 2º.- Aplicar con cargo ao orzamento do exercicio 2016 os citados créditos con cargos ás partidas orzamentarias correspondentes.

A Comisión de Economía e Especial de Contas, coas abstencións do PSdG-PSOE e BNG, informa favorablemente a citada proposta”.

Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE di que se van abster na votación porque entenden que se ben o recoñecemento extraxudicial é unha figura prevista na lei pero que non deixa de ser unha pequena trampa, posto que do que se trata é de pagar facturas que non estaban previstas, e consideran que algunhas, do mes de xullo, si se prevía que ían chegar, e púidose ter solucionada antes cunha transparencia de crédito, en concreto, no tema de dependencia, que xa non é a primeira vez que llo recalca no pleno. Aumentan os dependentes, que lles parece ben, sabedores de que aínda existen casos sen atender, pero que motivado pola falta de financiamento da Xunta, que é a que ten a obriga, obrígalle ao concello a desembolsar máis cartos, co cal están de acordo en que hai que cubri-lo, pero tamén entenden que isto se puido ter previsto e solucionado doutro xeito.

O Sr. Castro do BNG-AA expón que a cuestión que se debate aquí hoxe é unha serie de facturas do ano 2015 que por se ter esgotado o orzamento do ano, se trasladan ao ano 2016, co cal comezamos o ano 2016 xa cun orzamento lastrado.

Di que en concreto, o 70% do crédito que se trae para o seu recoñecemento corresponde ao servizo de axuda no fogar pola empresa Clece, S.A, aproximadamente uns 15.000 e que no pleno do 18 de marzo do ano 2015 aprobouse unha moción presentada polo BNG para que a suba das taxas municipais acontecida durante a súa primeira legislatura de goberno, do 2011-2015, revertese nos veciños e veciñas e se traducise nun incremento no investimento en servizos sociais e educación, uns 69.000 euros, que se aprobou co voto favorable do PP cando gobernaba en minoría.; solicitándolle no pleno do 8 de xuño ao equipo de goberno que presentase a consenso un plan para executar esa moción aprobada, contestándolle a Presidencia, no pleno do mes de setembro, obviando este pedimento que fixera, e basicamente procedeu a enumerar unha serie de pequenas obras de mantemento que se levaron a cabo nos colexios e escolas unitarias, como se viña facendo todos os anos durante o mes de agosto, e con estas pequenas intervencións, aínda que necesarias, o que se pretendía é ir xustificando o cumprimento da moción. De servizos sociais nada mencionou e de axuda no fogar tampouco, polo que a estas alturas a pregunta é obvia: onde van eses 69.000 euros que tiñan que reverter, parte deles en servizos sociais e parte en educación?



Sinala tamén que nese pleno do 08 de xuño, con relación á modificación de créditos que se levou ao pleno, dende o BNG-AA xa expuxeron a súa contrariedade polos desaxustes orzamentarios que se viñan producindo e que entendían que eran produto da súa xestión de libre albedrío en obras preelectorais.

Á día de hoxe aínda non presentaron a liquidación do orzamento do 2015, pero é obvio que non existe capacidade orzamentaria algunha para efectuar os pagamentos das facturas que agora se presentan nin nas partidas que lle corresponden nin noutras, posto que senón terían presentado unha modificación de créditos, polo que hai que acudir aos orzamentos do ano 2016 que comezan así lastrados.

Para rematar di que dende o seu grupo apoian que se efectúe o pagamento o máis axiña posible aos provedores locais afectados, que se atopan neste trámite, así como apoian a prestación do servizo de axuda no fogar, pero o que non apoian nin aproban é a xestión económica do equipo de goberno, e por responsabilidade política o seu voto vai ser a abstención.

A Presidencia expón que o tema é máis sinxelo que todo iso. Trátase de facturas que chegaron a finais de ano, que non hai partida orzamentaria, e que legalmente non hai tempo nin posibilidade de facer unha modificación de créditos, polo tanto utilízase este recurso. En calquera caso -di- trátase de cuestións máis técnicas ca políticas, porque en política ao final están as cifras globais, e polo que respecta á dependencia xa dixo cando se aprobou o orzamento que son partidas que ao final teñen que quedar dalgún xeito abertas, porque poden, e oxalá sexa así, incrementarse as horas de atención aos dependentes ao longo do ano, e que neste servizo, sobre todo a finais de ano, hai vacacións do persoal, substitucións, baixas, días libres... que encarecen o mesmo, xa que se trata de traballadores que hai que cubrir obrigatoriamente para que os dependentes non queden sen atender.

Sinala tamén que non vai entrar no tema da moción referida polo BNG-AA posto que xa contestou no seu momento e poderá contestar máis adiante, pero que en calquera caso cando se liquide o orzamento pódese facer a análise política dos orzamentos do exercicio 2015, e que neste caso como xa dixo é un problema máis técnico que outro caso.

Sométese a votación o recoñecemento de créditos e o Pleno con sete votos a favor do PP e seis abstencións do PSdG-PSOE e BNG, acorda aprobalo.

3º.- Aprobación, se procede, de anexo á declaración institucional do Concello de Vedra sobre da situación e acollida das persoas refuxiadas na Unión Europea.

Solicítase a declaración de urxencia deste punto, aprobándose por unanimidade dos asistentes.

A Presidencia expón que Amnistía Internacional remitiulle a todos os grupos municipais unha serie de consideracións e puntos a engadir na declaración institucional do Concello de Vedra sobre da situación e acollida das persoas refuxiadas na Unión Europea, aprobada polo Pleno en sesión ordinaria celebrada o pasado vinte e tres de setembro.

De seguido dáse conta da proposta de engadir á citada declaración o seguinte texto, consensuado por todos os grupos políticos:

“Polo tanto este Concello insta ao Goberno de España a:



1. Ofrecerlles rutas legais e seguras aos máis de catro millóns de refuxiados. É preciso incrementar de forma moi significativa as prazas de asentamento, conceder máis visados humanitarios e facilitar a reunificación familiar. Débese darlle prioridade ás mulleres e ás nenas en situación de risco, ás persoas con necesidades médicas ou con discapacidades e outras con necesidades especiais de protección.
2. Promover que a comunidade internacional emprenda as accións necesarias para protexer a poboación civil de Siria e previr que se cometan máis crimes de dereito internacional, incluídos os crimes de guerra e de lesa humanidade.
3. Instar ao Consello de Seguridade das Nacións Unidas a que lle remita o caso de Siria á Corte Penal Internacional e ordene a conxelación dos activos do presidente Bashar al-Assad e dos seus colaboradores máis próximos.
4. Promover que de inmediato se paren as transferencias de armas ao goberno sirio; impedir o fluxo de armas e outro tipo de apoio militar a aqueles grupos armados en Siria dos cales se crea que levaron a cabo graves violacións dos dereitos humanos ou do dereito internacional humanitario; e imporlles sen demora un embargo global de armas ás forzas do Estado Islámico, sexa cal for o país onde se atopen.
5. Incrementar o apoio, tanto financeiro como técnico, ao Plan de Resposta Rexional das Nacións Unidas para a crise de Siria.

O Pleno, por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a citada proposta.

4º.- Rogos e preguntas.

--Dona Beatriz Amenal do PSdG-PSOE formula os seguintes rogos e preguntas:

1º.- Que pasa coa estrada de Vedra -Santa Lucía? Posto que si é certo que dende que o preguntou no pleno e lle suxeriu que se abrise se se prevía que as obras ían para largo tempo, si se fixo, pero coa chuvia destes días comezan a aparecer xa algunha fochanca, e dado que está a rematar o mes de xaneiro solicita que se interesen polas obras para que lle dean a maior celeridade posible.

A Presidencia contéstalle que estivo en contacto coa Deputación cada vez que aparecía algún problema para que esta chamase á empresa adxudicataria e o viñese a reparar, sobre todo, o máis importante, o cambio dos postes, e semella que nestes días estiveron traballadores de Unión Fenosa por alí, ademais de que as enxeñeiras da Deputación virán mañá para comprobar o estado das obras, e que está a presionar para que se fagan o máis pronto posible.

2º.- Onde vai a estar instalado, de levarse a cabo, o punto de limpeza e abastecemento de auga para autocaravanas? . Recorda que o seu grupo cando se debateu o PAS 2015 da Deputación suxeriu que estivese instalado en Ponte Ulla, no aparcadoiro disuasorio que se vai construír, por parecerlle o lugar idóneo.

3º.- Coa chuvia que caeu nestes días están aparecendo desprendementos, concretamente na pista municipal que vai de Quintáns ao lugar de A Torre, en San Xián de Sales, hai



un tubo que é insuficiente para recoller as augas procedentes do monte, polo que pasan por encima da pista, recién asfaltada, e dentro dun par de anos estará de novo chea de fochancas, rogando que se coloquen uns tubos de maior diámetro e ao mesmo tempo que boten unha ollada por todo o termo municipal posto que pode existir perigo de derrubamento de árbores noutros lugares.

-- O Sr. Lago Lestón do PSdG-PSOE formula tamén os seguintes rogos e preguntas:

1º.- A pedimento de veciños do lugar de Fontao - Vedra, solicita que o concello limpe cando sexa posible o lavadoiro situado á beira do río, aconsellándolle que este tipo de construcións como lavadoiros, fontes, muíños,...etc estarían que estar máis decentes, se ben é coñecedor de que os recursos humanos e económicos do concello son limitados.

A Presidencia contéstalle que houbo lavadoiros e fontes que se limparon e despois ninguén os utilizou, sinalando que se pode falar do tema, entendendo que é un tema de corresponsabilidade.

O Sr. Lestón di que ao fin e cabo levan aí moitos anos e teñen un interese histórico e cultural, ademais de moito cariño por parte dos veciños/as, polo que hai que conservalos.

2º.- Como a todos os pais preocúpalle o tema do pavillón, que si é verdade que se investiron moitos cartos para que non chovese dentro, pero agora existe o problema de humidades, e un día os participantes na actividade de patinaxe non puideron realizala porque estaba enchoupado polas humidades que se filtran polas paredes, rogándolle que se solucione este problema o máis axiña posible. Segundo lle comentaron os responsables do pavillón o ideal sería colocar un illamento externo das paredes para que non entre a humidade.

3º.- Sobre as obras que se levaron a cabo na gardería municipal de San Fins, pregunta se remataron as mesmas, posto que cando chove segue a caer auga a caldeiros pola canle que hai na entrada rogando que se arranxe ese problema, así como o das baldosas que hai na entrada, que son moi esvaradías e en calquera momento pode haber un problema.

4º.- Este ano decidiu trasladar os atranques municipais á parroquia de Santa Cruz, gustaríalle saber cales son os motivos, xa que se levan facendo na parroquia de Vedra dende fai moitos anos, é unha tradición nesta parroquia, crendo que moita xente de aquí vaille sentar mal, e de feito moitas persoas asistían aos carnavales para ver os atranques, descoñecendo cales son os motivos, quizais sexa para promocionar as xornadas da Camelia, aínda que 15 días despois de rematar o entroido, aconsellándolle que intente para o vindeiro ano centralizalos en Vedra.

5º.- Di que vendo as cousas que pasan ten que darlle a razón aos seus compañeiros do BNG-AA de que “ hai un desequilibrio claro de actividades e obras no Concello de Vedra”, posto que na corporación de Vedra hai dous membros da ANPA, que colgaron no seu blog unha charla que se vai celebrar da escola de familias con toda a tranquilidade porque o concello o colgou no facebok e poñía que se ía celebrar, como viña sendo así estes anos, na biblioteca municipal. Hoxe repártenlle ao alumnado de Vedra, un día antes da celebración, un folleto no que indican que se celebrará na antiga



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)

C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.com



estación de ferrocarril de Santa Cruz, descoñecendo que intereses ten o Sr. Alcalde en mandar todo para esa parroquia, se son políticos ou persoais, posto que o festival da gardería celébrase alí, a ITV agrícola tamén se levou a cabo este ano alí, agora a escola de familias tamén, e hai que intentar centralizar as actividades no centro xeográfico do concello, que neste caso é a parroquia de Vedra, na que existe unha casa da terceira idade perfectamente rehabilitada, unha casa do antigo xulgado, unha biblioteca municipal, polo que lles parecen raras estas decisións.

A Presidencia dille que lle contestará todas estas cuestións no seguinte pleno, pero cre que a liña pola que vai está equivocada, que ningunha das razóns que existen para que se celebren alí teñen que ver con que sexa el de Santa Cruz, en concreto, a charla da escola de familias celébrase no local da estación de ferrocarril porque a biblioteca de Vedra está ocupada ese día e a esa hora coas clases de inglés que se están a impartir, e ese local está perfectamente habilitado para esa actividade. Sinala que todos teñen que ter unha responsabilidade e non ver fantasmas onde non existen.

--O Sr. Castro do BNG-AA pregunta:

1º.- Na acta dunha Xunta de Goberno figuran facturas aprobadas por servizos e informes do Parque Empresarial. Que xestións se están a facer neste aspecto?

2º.- Por que se mercan produtos e alimentos para o servizo de madrugadores no Alcampo de Santiago no canto de tendas locais?

3º.- Respecto á empresa Viaqua SAU, o concello está a reverter actualmente as taxas de saneamento que paga a veciñanza? En principio á vista da descrición dun pago do 4º trimestre semella interpretarse que si, pero iso tamén parecía interpretarse nos seus catro anos de lexislatura anterior e ao final semella que non foi así.

4º.- Nas obras de ensanche da estrada de San Miguel, na intersección desta estrada coas pistas municipais vaise executar un abano segundo o radio de xiro que corresponda ou vai quedar en ángulo recto como aparenta neste momento?

5º.- En canto ao Entroido, nas notas de prensa que saíron non hai atranques en Vedra, e independentemente de que si os haxa en Santa Cruz con motivo da Festa da Camelia, que lles parece ben, cal é a razón de que en Vedra non, como así viña sendo nos últimos anos?

A Presidencia di que o Entroido Municipal si se vai celebrar en Vedra o día 6 de febreiro. Indicándolle o Sr. Castro que o motivo que moveu a representación municipal de Vedra a Compostela é á foto correspondente, foron os Xenerais da Ulla e os atranques, polo que lles chama a atención a falta dos mesmos na celebración do Entroido municipal; e tanto que se decida a repoñelos en Vedra, como para os previstos en Santa Cruz, gustaríalle saber se a participación é libre ou se rexe por algún tipo de selección ou inscrición previa no Concello ou na organización e se os textos son libres ou van a ser consensuados.

A Presidencia di que son os propios veciños, parroquias, comisións de festas as encargadas e que nunca lle preguntaron nin viu os textos anteriormente, mesmo asiste con moita curiosidade para coñecerlos.

Intervén o Sr. Pose do BNG para expoñer que os lavadoiros son patrimonio municipal e están rexistrados moitos deles no PXOM, e efectivamente non teñen uso posto que son



patrimonio, como acontece cos cruceiros que tiñan un uso relixioso que xa non teñen e a ningún se lle ocorre teles descoidados, son construcións adxectivas, adxuntas de uso tradicional.

De seguido formula as seguintes preguntas:

1º.- Parece ser que hoxe estoupou unha canalización de auga, nun tramo no que houbo un sobre custo de 11.000 euros, porque se asentou parte da gabia que se construíu e se volveu a encher, e a rotura é posiblemente porque se decantou o terreo. Que pasou alí? Espera que non se devolvese o aval presentado pola empresa adxudicataria da obra, solicitando formalmente que non se devolva ata que se repare a obra e se comprobe por un técnico municipal que funciona correctamente.

2º.- Nun informe que lle solicitou ao Sr. Secretario da Corporación sobre dunha normativa de concesión de subvencións, que está vixente dende o ano 1996, consta que a citada normativa segue vixente, sen embargo que non se ten en conta á hora da concesión dende o ano 2001, e aínda que está vixente habería que actualizala coa lexislación vixente. Porque non se actualiza como vén pasando todos estes anos con outro tipo de regulación? Solicita a creación dunha Comisión que estude a posibilidade de cambiar esta regulamentación e que permita que as subvencións se concedan dun xeito que lle permitan ás asociacións xustificar os gastos a través de obxectivos cumpridos, é dicir, conseguir que as subvencións se concedan a través de convenios, como así figuraba no seu programa electoral.

3º.- Polo que respecta ao avogado que ten contratado o concello, di que o BNG-AA non ten absolutamente nada contra el, ao contrario, visto o visto hai unha necesidade absoluta de ter un asesoramento externo, solicitando a acta da Xunta de Goberno na que se renovou o contrato do 2012, que é cando remata a prórroga do contrato orixinal, e de ser un novo, teoricamente ten que estar tamén na Xunta de Goberno, solicitando copia desta.

4º.- Dado que non lle contestou, pregunta de novo cal é a poboación do concello á data de hoxe?

A Presidencia di que sobre 5040 habitantes.

O Sr. Lago do PSdG-PSOE quere aclararlle á Presidencia que en ningún momento se está a facer historias nin crear fantasmas, o que lle quere é transmitir o que se escoita fóra, confiando no seu bo criterio e no da corporación, e que simplemente se lle fai estraño que tantas actividades que se viñan facendo en Vedra se fagan agora en Santa Cruz, e se ben o cambio do lugar de instalación do ITV agrícola tivo unha explicación, e de cara ao vindeiro ano comprometeuse a estudar de novo a súa situación, habería que tratar de centralizar xeograficamente todas as actividades organizadas polo concello.

Con respecto ao Entroido, como ben dixo o compañeiro do BNG, o Entroido en Vedra non se entende sen os Xenerais da Ulla e os atranques.

Conclúe ao fío das vinte e dúas horas e corenta minutos.